

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

## DEPARTAMENTO DE     MÚSICA

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de     Música     reuniuse de maneira telemática o día     5     de maio      e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

<b>MATERIA E CURSO: MUSICA</b>	<b>3º ESO</b>
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b> <i>(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)</i>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• Recoñece e sabe situar no tempo as audicións propostas do Clasicismo e Romanticismo.</li><li>• Adquire e aplica as habilidades técnicas e intepretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao seu nivel, coas cancións de repaso e a canción nova proposta.</li><li>• Practica a lectura e interpretación a través das cancións propostas.</li><li>• Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, duración das figuras, colocación das plicas, os signos de repetición e de prolongación...), ademáis dos compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8 e 3/8, así como dos compases novos de 2/2 e 2/8.</li><li>• Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música Clásica e Romántica.</li></ul>	
<b>COMPETENCIAS BÁSICAS</b> <i>(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)</i>	

- Coñecer elementos da linguaxe musical: nomenclatura dos compases, pulsos e acentos. Os compases aprendidos durante o 1º e 2º trimestre: 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 3/8, así como os compases novos de 2/2 e 2/8. Competencia: aprender a aprender
- Interpretar as cancións feitas na clase coa flauta, así como a lectura e interpretación, dentro das posibilidades de cada alumno, da nova canción. Competencia: aprender a aprender.
- Coñecer de forma básica os rasgos destes periodos da Historia da Música: Clasicismo e Romanticismo. Competencia: cultural e artística.
- Adquirir un vocabulario musical básico e preciso. Competencia: comunicación lingüística.

### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

<b>PRESENCIAL:</b>	
<b>TELEMÁTICA:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- escoita activa de audicións propostas da música do Clasicismo e do Romanticismo, así como doutros estilos traballados.</li> <li>- Exercicios escritos de identificación das épocas e características musicais de audicións propostas.</li> <li>- Práctica das partituras propostas coa flauta.</li> <li>- Exercicios prácticos de lecto escritura. Exercicios para repasar os aspectos da linguaxe musical traballados durante o curso.</li> </ul>

### **CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA**

*(Realizarse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)*

Media das notas da primeira e segunda avaliación. Da terceira avaliación valorarase positivamente o traballo realizado na casa e enviado. O traballo da terceira avaliación, correctamente realizado e entregado, servirá para recuperar as avaliacións suspensas, e no caso dos xa aprobados, subirá a nota do alumno entre un e dous puntos. Terase en conta principalmente o esforzo na realización destas actividades que inciden basicamente no repaso e no reforzo. No caso das ACIs, igualmente o traballo da terceira avaliación non poderá incidir negativamente na cualificación, e as actividades realizadas con corrección serán

valoradas positivamente.

## ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

<b>MATERIA E CURSO: MÚSICA</b>	<b>3ºESO</b>
<b>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	
<i>(No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.)</i>	
<p>Realización dos exercicios do cuaderno de traballo correspondente ao libro de texto en uso (Galinova Música 3º ESO). A temporalización é a seguinte: elaboración e entrega dos exercicios das tres primeiras unidades no mes de decembro. Os exercicios correspondentes ás unidades 4 á 6, no mes de marzo, e os exercicios correspondentes ás unidades 7 á 9, no mes de maio. Neste caso, o alumnado que xa entregara os exercicios das avaliacións pasadas, só tería que entregar os correspondentes das tres unidades finais. No caso en que os alumnos non entreguen os exercicios nas datas marcadas, entreguen incompletos, ou con erros numerosos, anteriormente a esta situación, tiñan que presentarse a un exame final no mes de maio. E se aínda así, os alumnos non superaban esta proba, podían facer outra no mes de setembro. Nesta situación excepcional, ampliarase o prazo de entrega dos exercicios ata a avaliación de xuño para aqueles alumnos que tiñan que correxir erros, completar ou que queiran entregalos. Nos mes de setembro terán dereito a facer unha proba escrita cos contidos mínimos da materia.</p>	
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• Utilizar con precisión a lectoescritura musical como apoio ás tarefas de interpretación e de audición.</li><li>• Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical: figuras, notas, compases binarios e ternarios, signos de prolongación e repetición.</li><li>• Saber facer correctamente exercicios que demostren os coñecementos dos elementos da linguaxe musical anteriormente citados.</li><li>• Distinguir, identificar e clasificar os instrumentos musicais.</li><li>• Coñecer de forma xeral cada periodo da Historia da música, desde a Prehistoria ate o Romanticismo.</li></ul> <p>O alumno superará a materia pendente se este novo traballo entrégase completo, sen erros abundantes e na data que se lle marque.</p>	
<b>DATAS</b>	
<p>Entrega das tres últimas unidades e tamén das unidades anteriores se non se entregaron nos prazos correspondentes: 29 de maio.</p> <p>Entrega de todas as unidades para os alumnos que non entregaron nada anteriormente (e que substitue ao exame de maio): 19 de xuño.</p>	

En Ferrol, a \_\_5\_\_ de maio de 2020

Encina Fra Gálvez

Xefe/a do Departamento